



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2022/14

Trámite

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON
DATA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
PRESIDENTE: Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Coa presenza da Interventora accidental, Mercedes Santiago Ocampo.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás once horas e un minutos.

1º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 1912/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2022.Dáse conta do expedienteabertonaferramenta de administración electrónica Gestiona 1912/2022 no que consta:

- Providencia de inicio do expediente de 2 de setembro de 2022 asinada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.
- Memoria xustificativa de 2 de setembro de 2022 asinada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.
- Informe de intervención de cálculo estabilidadedeorzamentaria de 2 de setembro.
- Informe de procedemento de secretaría de 2 de setembro de 2022.
- Informe de intervención de 2 de setembro de 2022.
- Proposta de aprobación de modificación de créditos modalidade crédito extraordinario e suplemento de crédito asinada con data 2 de setembro de 2022 asinada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.
- Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión realizada con data 7 de setembro de 2022 do que se da lectura extractada e cuxo texto é o que se reproduce de seguido:

“... ”

1.- Expediente 1912/2022. Aprobación, se procede, do expediente de Modificación de Créditos MC 05/2022.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sométese a votación a proposta da Concellería de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de aprobación do expediente de Modificación de Créditos MC 05/2022, e a comisión informativa por 5 votos a favor (5 PP) e 1 abstención (1 BNG), acordaditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2022**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos , financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **502.330,81 euros**, de acordoseguite esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

A) CRÉDITOS EXTRAODINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinari o	Créditos finais
	Progr.	Económic a				
2022 POS2 21	160	61900	Mellora de servizos e pavimentos R/Coruto e Barcias	0	40.609,16	40.609,16
2022 POS2 22	160 161	61900	Mellora de servizos e pavimentación en Apelón	0	93.652,16	93.652,16
	1621	62900	Suministro contenedores verde 800LT	0	6.000,00	6.000,00
	134	63500	Suministro marquesinas	0	10.000,00	10.000,00
			TOTAL	0	150.261,32	

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento)

Prox	Aplicación	Descrición	Créditos consignado	Suplement o de	Créditos de finais
------	------------	------------	------------------------	----------------------	--------------------------



Concello de Mugardos
(A Coruña)

				s	Crédito	
	Progr	Económica				
	160	22100	Facturas suministro eléctrico bombeos EDAR 2022	95.000,00	29.000,00	124.000,00
2021 2PO S213	160	60900	Obra de mellora de camiños municipais: Rua do Penedo e Franxa de Abaixo	62.097,02	12.582,97	74.679,99
	165	22100	Facturas suministro eléctrico alumado público 2022	106.155,98	29.000,00	135.155,98
	231	13100	Retribucións persoal laboral temporal (auxiliares SAF)	369.660,92	85.000,00	454.660,92
	231	16000	Seguridade Social persoal (auxiliares SAF)	133.542,87	25.000,00	158.542,87
	231	22799	Colaboración na prestación do SAD en fins de semana e festivos e substitucións, baixas, vacacións e rutas meses de xullo a decembro 2022	561.234,28	58.000,00	619.234,28
	231	22799	Deficit conta explotación escola infantil municipal 2021	619.234,28	21.470,56	640.704,8
	320	22100	Facturas suministro eléctrico escolas 2022	16.000,00	10.000,00	26.000,00
	338	22799	Relación contable de facturas F/2022/26	194.295,50	31.515,96	225.811,4
	4312	63200	Reforma do edificio da plaza de abastos para adecualo as novas necesidades de postos de venda	240.397,50	40.000,00	280.397,5
	920	22100	Facturas suministro eléctrico concello 2022	6.000,00	7.000,00	13.000,00





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	934	35200	Xuros de demora	7.792,96	2.000,00	9.792,96
	934	35900	Gastos financeiros derivados do cobro de recibos domiciliados e mantemento contas .	8.000,00	1.500,00	9.500,00
			TOTAL		352.069,49	

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :


A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **502.330,81€.**

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2021	1.291.701,60
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 01/2022	203.918,43
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 02/2022	491.176,76
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 03/2022	91.622,86
TOTAL REMANENTE DISPONIBLE ANTES EXP MC 05/2022	504.983,55
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MC 05/2022	502.330,81
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 05/2022	2.652,74

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	502.330,81
			TOTAL INGRESOS	





Concello de Mugardos
(A Coruña)

B) Con cargo a novosoumaiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamentocorrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhasconsignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **0 €**.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidadecodisposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das FacendasLocais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidanexaminalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamaciónsaosacordosentenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación coartigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das FacendasLocais.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Xustifica o asunto do expediente e procede a analizar as diferentes aplicacións como as aceugas ao PPOS 2022, outros servizos como a adquisición contenedores, subida do prezo da luz, licitar de novo a obra deserta en Pereiro de Abaixo en función da laza das materias primas, reformar o SAF, conta de explotación escola infantil 2021 e as partidas para o pago de distintos provedores e a licitación da praza de abastos e poder acadar fondos Next Generation.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. É certo que os orzamentos se acaban de aprobar e partes das finalidades deberían estar previstos, máis ten unha dúbida





Concello de Mugardos
(A Coruña)

respecto do proxecto do mercado de abastos. Había tres proxectos e defenderon a rehabilitación e plan de usos por un importe aproximado de 400.000,00 euros; outro polo goberno posterior por 270.000 euros e despois un novo proxecto que se recolleu no anexo de inversións por 148.000 euros e agora a partida consignada é de 240.000 e o suplemento de crédito. E reitera a súa pregunta e a necesidade de que para dinamizar dunha vez o mercado sería necesario aprobar un plan de usos.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz PSOE. Ao igual se acaban de aprobar orzamentos e xa inclúan unha partida e agora se eleva á consideración do pleno unha modificación por suplemento de crédito e por tanto consideran existe un problema. Xa houbo orzamento en anos anteriores e por tanto queren saber se se vai a acometer e o seu importe. E un rogo por canto se se vai a modificar as partidas para os PPOS máis despois non se executan as obras, o ano que ven estaremos igual. E iso redonda na inxerencia das licitacións que se decalran desertas por aumento dos custos das obras. Adianta o seu voto a favor máis deixando claras estas cuestións.

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá . O proxecto financiarase con 90.000 euros dos anos anteriores por incorporación de remanente e no orzamento anual no que se consigna crédito por importe de 108.874,00 euros. Un dos requisitos dos Next Generation é que se asegure o 100% á marxe da financiación. O primeiro proxecto non contaba coa conformidade das persoas titulares dos postos e no segundo tivo que reformularse á normativa vixente. E cuantifica o importe do proxecto en 280.400,00 euros.

En canto aos PPOS hai 9 licitacións en marcha e 5 desertas por prezos e ademais hai outras incidencias como a expropiación en Rosalía de Castro. Máis aínda que son os máis interesados hai incidencias que non se pode controlar. E pon exemplos do que está a acontecer noutros concellos como Culleredo ou A Coruña. O compromiso de licitación é certo.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o por doce votos a favor (5 PP+4EU-SON EN GALICIA+3PSOE), e unha abstención (1BNG), ao abeiro do establecido nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; artigos 36 a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais e Base 14ª de Execución do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2022 (BOP de A Coruña nº 115 de 17 de xuño de 2022) adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2022**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **502.330,81 euros**, segundo proposta asinada polo concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de 2 de setembro de 2022.

Segundo.- Expoñer, o expediente de modificación de créditos, ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal

2º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 1919/2022. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2022. Dáse conta do expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1919/2022 no que obran os seguintes antecedentes:

- Relación de facturas 20 e 26.
- Providencia de inicio de expediente asinado polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá con data 2 de setembro de 2022.
- Informe de fiscalización da intervención de 2 de setembro de 2022 polo que se estende reparo suspensivo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Proposta asinado polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá con data 2 de setembro de 2022.
- Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión realizada con data 7 de setembro de 2022 do que se da lectura extractada.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Quere comentar de entre a relación de facturas as que considera máis relevantes: servizo de colaboración integral; pulpo 2019 no que houbo problemas para poder realizar o pago das facturas e tras solventar as discrepancias se poden pagar. En canto á de luz ven vinculada ao IDAE e tras a resolución de discrepancias se presenta esta factura, o resto pago de subministro de enerxía eléctrica e provedores e tamén a última cota ao concello de Ares pola EDAR. Xa se habían adiantado 324.000 euros pendente da entrada en vigor do orzamento 2022. Neste momento a empresa xa factura por separado a cada un dos concellos polos bombeos da EDAR.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. É certo que no medio hai pequenas empresas e autónomas máis o máis importante é a luz. O informe de intervención fala de reparo suspensivo por falta de procedemento ou que se alonga moito no tempo e fala dunha manifesta ilegalidade por fraccionamento ilegal polas festas (carpa...). Non sabe de qué maneira hai que solventalo por que é certo que está realizado máis non poden votar a favor en función da manifesta ilegalidade do que fala a intervención.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz PSOE. Se alegra de que o concello se poña ao corrente nos pagos. Máis cunha puntualización e considera que o órgano competente non é o pleno e non van a votar a favor e sí para a modificación. Pide que o concello se poña ao día en canto á licitación dos contratos das festas respectando os tempos de tramitación.

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Manda un recado á secretaría para que o concello pode resolver o problema da licitación do subministro da enerxía eléctrica por canto xa non se pode adherir ao





Concello de Mugardos
(A Coruña)

contrato marco a través da central de contratación da FEMP. Máis moitas outras licitacións xa se están a executar. En canto ao fraccionamento, o principal motivo é que teñen que tramitarse todas as festas en lotes. E este ano houbo un problema coa contratación e espera que pronto se solvete e se está preparando para non ter este problema o ano que ven. E non realizar contratos menores. Son contratos do ano 2021 e neste ano se fixo xa por lotes e espera que se estandarice o procedemento.

Debate:

Segunda quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. O que ven a dicir o informe e que existe unha unidade funcional e que se fraccionou de forma ilegal. E reitera que non van a votar a favor e lembra ao concelleiro do PSOE que o órgano competente sí é o pleno.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz PSOE. Unha cosa é que se dote de crédito máis se existen dúbidas coas facturas considera que en primeiro lugar deberían despexarse as incidencias oportunas polo órgano competente.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSOE) e cinco abstencións (4 EU-SON EN COMÚN+1BNG), de conformidade co establecido no artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Pleno prestou aprobación á proposta de modificación adoptando o seguinte acordo:

1º.-Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da proposta formulada polo concelleiro de facenda, persoal e participación cidadá en data 02.09.2022 (Cod. Validación: 7LYL53NF24WWQRHL9L2EPZ95K), obrante no expediente, e que afecta: á relación contable de facturas F/2022/20, que comeza co número de rexistro contable F/2019/3002 a nome de SERVICIOS DE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

COLABORACION INTEGRAL, S.L., por importe de 1.103,22 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/1885 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 781,27 euros; ao gasto por aportación conduccións e bombeos EDAR 2020, a nome de CONCELLO DE ARES, por importe de 54.217,65 euros; e á relación contable de facturas F/2022/26, que comeza co número de rexistro contable F/2021/2346 a nome de CASA TABOADA, por importe de 13.799,14 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2021/2604 a nome de ANGEL MANUEL GONZALEZ CARNEIRO, por importe de 5.991,92 euros.

2º.-Aprobar o recoñecementoextraxudicial de créditos nº 02/2022 por un importe bruto total de 156.394,13 €. A aprobación da relación contable de facturas F/2022/26 (31.515,96 €) incluída no presente expediente quedará condicionada á entrada en vigor da modificación de créditos MC 05/2022.

a) Os gastos incluídos na relación contable F/2022/20 (70.660,52 €) e a aportación para o mantemento dos bombeos da EDAR 2020 (54.217,65 €), imputaranse aos créditos das aplicación orzamentarias do orzamento vixente, reflexadas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 02.09.2022 (Cod. Validación: 7LYL53NF24WWQRHL9L2EPZ95K), obrante no expediente.

b) Os gastos correspondentes a este expediente que foron incluídos na relación contable F/2022/26 (31.515,96 €), imputaránse as aplicacións orzamentarias dotadas mediante o expediente de modificación de créditos MC 05/2022 unha vez que entre en vigor o mesmo, e reflexadas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 02.09.2022 (Cod. Validación: 7LYL53NF24WWQRHL9L2EPZ95K), obrante no expediente.

3º.- Aprobar e dispoñer os gastos, e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2022/20, que comeza co número de rexistro contable F/2019/3002 a nome de SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL, S.L., por importe de 1.103,22 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/1885 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 781,27 euros, así como do gasto correspondente a aportación pola Xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conduccións e bombeos) do ano 2020, a nome de CONCELLO DE ARES, por importe de 54.217,65 euros.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4º.- Aprobar e dispoñer os gastos, e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2022/26, condicionados á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos MC 05/2022, e que comeza co número de rexistro contable F/2021/2346 a nome de CASA TABOADA, por importe de 13.799,14 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2021/2604 a nome de ANGEL MANUEL GONZALEZ CARNEIRO, por importe de 5.991,92 euros.

5º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Sendo as once horas e trinta e seis minutos do quince de setembro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Déixase constancia en acta que por erro involuntario no manexo da ferramenta de grabación das sesión plenarias por parte de Secretaría, non existe arquivo sonoro da mesma.

Mugardos, na data que figura nasinaturadixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

